MEMORIA

II BTT PORTAS DE GALICIA

Domingo 22 de septiembre de 2.019

Organiza: Colabora:

Concello de A Mezquita Club Btt As Frieiras

1º.- NOME DA ACTIVIDADE E, NO SEU CASO, NUMERO CRONOLOXICO DA EDICION.

NOME DA ACTIVIDADE: II BTT PORTAS DE GALICIA
NUMERO CRONOLOXICO DA EDICION: II (SEGUNDA)

2º.- REGULAMENTO DA PROBA.

AXUNTASE REGULAMENTO DA “II BTT PORTAS DE GALICIA”.

REGULAMENTO II BTT PORTAS DE GALICIA

1.- O **Concello de A Mezquita** en colaboración co **Club BTT As Frieiras** (en adiante O Club), organiza a **II BTT Portas de Galicia**, que terá lugar o **domingo día 22 de septiembre do 2019**, tendo un percorrido que será de **60 Km**. (**dificultad media-alta**), sendo a mesma de carácter non competitivo, se ben de velocidade libre. Nembargantes o primeiro tramo estará neutralizado dende a saída ata que o indique o director da marcha. A organización poderá facilitar, se o estimase oportuno, aos participantes o final da proba un listado cos tempos de chegada ou ben a través da páxina web do Club.

2.- Poderán participar na ruta todas aquelas persoas que realizaran axeitadamente o proceso de inscripción e sexan maiores de idade e os maiores de 15 anos ou que os cumpran o largo do presente ano e adxunten autorización de pai, nai ou titor.

3.- A inscripción farase efectiva a través da páxina web do Club

A cota de inscripción será de:

Con comida: 20 €

Sen comida: 10 €

Conta para pago de inscripcións:

ES8438850015842439521929 (Caixa Rural)

Dita cota dará dereito á participación na proba, e incluirá os avituallamientos, obsequios que se entreguen, duchas e lavado de bicis para todos os participantes.

O prazo límite de inscripción será o xoves día 19 de septiembre ás 24:00 h.

Non se admitirán inscripcións o mesmo día da proba que non se solicitaran con anterioridade mediante contacto coa organización, antes do peche da inscripción, a través dos número de teléfonos: 629058970 / 617558445.

Só serán considerados participantes, aqueles que pagaran a cota de inscripción e leven o dorsal visible en todo momento. O devandito dorsal será facilitado pola organización.

4.- A concentración e recollida de dorsais terá lugar a partir das 8:00 do día 22 de septiembre do 2019 no **Concello de A Mezquita** farase de xeito individual, presentando D.I. e xustificante bancario de ter pagada a cota de inscripción. A saída efectuaráse as 9:00 h., sendo as 13:15 h. a hora prevista de chegada para os primeiros participantes.

5.- O emprego do casco é obrigatorio e non levalo implica a retirada do dorsal e da marcha. Recoméndase a utilización de roupa deportiva adecuada. Todo ciclista participante deberá permanecer dentro do circuito da proba e atender ás instruccións da Organización. O Club non se fai responsable dos accidentes nos que puidera ser causa a neglixencia dos participantes, así como as débedas ou danos que por estes motivos puideran contraerse durante a proba.

6.- O percorrido da proba transcorre na súa maior parte por camiños rurais e forestais do Concello de A Mezquita, existindo cruces con tramos de estradas, que se atopan abertos ao tráfico para outros usuarios polo que se deberá extremar a precaución por parte dos participantes, respectando as normas de circulación contidas na Lei de Seguridade Vial e no Regulamento Xeral de Circulación.

7.- Todos os participantes deben respetar o entorno por onde transcorre a proba, quedando terminantemente prohibido tirar lixo en todo o recorrido a excepción dos contedores situados nos puntos de avituallamiento.

8.- A Organización preveu avituallamentos suficientes, tanto sólidos como líquidos, para realizar o recorrido convenientemente, así como unha comida de convivencia ao rematar a proba para os que elixiran esta opción.

9.- En todo momento respectaranse e obedeceranse as ordes e directrices do director da marcha, non sobrepasando en ningún momento ao vehículo que abre a mesma, o cal será obxecto de retirada inmediata.

10.- A Organización contará con asistencia sanitaria e con servizo de ambulancia, a disposición dos participantes, ao igual que dun Seguro de Responsabilidade Civil, non facéndose responsable de ningún accidente nin gastos fora desta cobertura.

11.- A organización resérvase o dereito a modificar a presente normativa, así como a modificación do recorrido, quilometraxe e data da proba.

12.- O feito de inscribirse na proba, supón a aceptación total do presente regulamento.

13.- A proba realizarase independentemente da climatoloxía dese día.

3º.- ESBOZO PRECISO DO PERCORRIDO, DATA DE CELEBRACION, ITINERARIO, PERFIL E HORARIO PROBABLE DE PASO POLOS DISTINTOS PUNTOS DETERMINANTES DO PERCORRIDO E PROMEDIO PREVISTO TANTO DA CABEZA DA PROBA COMO O PECHE DE ESTA.

• Croquis preciso do percorrido.-

Axúntase fotografía aérea co percorrido.

• Data de celebración.-

Día: domingo 22 de septiembre do 2019
Horario: 09:00 horas

• Itinerario.-

Saída desde Plaza do Concello de A Mezquita, pistas forestaís dos pueblos de Esculqueira, Chaguazoso, Cádavos, Manzalvos, Santigoso, A Canda, Vilavella, Pereiro e chegada A Mezquita.

• Rutómetro

09:00 horas / PK 0,000 / TRAMO NEUTRALIZADO
Saída dende a Plaza do Concello dirección a Esculqueira.

09:05 horas entrada pistas forestais.

09:30 horas entrada en Núcleo urbano de Esculqueira pk. 8

10:20 horas entrada en Núcleo urbano de Chaguazoso pk. 20

11:00 horas entrada en Núcleo urbano de Manzalvos pk. 24,5

11:30 horas entrada en Núcleo urbano de Cádavos pk. 30

12:30 horas entrada en Núcleo urbano de A Canda pk. 45

12:50 horas entrada en Núcleo urbano de Vilavella pk. 49

13:00 horas cruce OU-311 a altura de O Pereiro pk. 53

13:15 horas chegada A Mezquita por Rúa Nova.

6º.- MEDIDAS DE SINALIZACION.

• En pistas e camiños forestais e rurais empregaranse:

- carteis de Madeira sobre os que se grafiarán señais indicativos de dirección, descenso perigoso, cruces, saídas a carretera abertas o tráfico, avituallamiento, entrada a núcleos de población ….
- cintas de balizamento.

Todas estas sinalizacións serán retiradas o término da proba.

• En intersecciónes con estradas abertas o tráfico disporáse persoal da organización identificados con petos fosforescentes e baixo a supervisión do responsable de Seguridade Vial da proba, servirán da apoio ós axentes de Tráfico e da Policia Local, atendéndose en todo momento ás instruccións que recivan dos mesmos.